

O TEATRO DO PRIMEIRO TERZO DO SÉC. XX: IRMANDADES, VANGARDAS E O GRUPO NÓS

É ao longo do século XX cando o teatro en lingua galega vai evolucionar cara á súa normalización, pois o seu cultivo e representación foran escasos nos séculos anteriores. O teatro presentaba unha situación precaria no primeiro terzo do século XX, debido aos seguintes factores:

- A gran competencia que vai atopar no novo espectáculo do cine
- Falta de compañías estables e actores e actrices profesionais, polo que as obras só se len
- Dificultade para a edición de textos teatrais, por carencia de coleccións especializadas
- Desprezo pola lingua e a cultura galegas da maioría das clases medias e altas urbanas, destinatarias principais do teatro naquela época.
- Falta de apoio institucional, tan necesario nun xénero que necesita de moitos medios (apoio non aparecerá até os derradeiros anos do século XX).

Entre 1900 e 1936, canda o proceso xeral de recuperación da nosa cultura, **o teatro galego experimentou un forte avance**. O teatro destes anos podemos dividilo en catro apartados:

1.- O teatro entre dous séculos

No 1903 creouse na Coruña a Escola Rexional de Declamación, o primeiro intento por dotar o teatro dos actores e medios necesarios. Nestes anos salienta tamén o labor dos coros populares, que non só interpretaban música tradicional, senón que con frecuencia escenificaban pequenas pezas costumistas: Toxos e Flores (Ferrol) ou Cántigas da Terra (A Coruña) foron pioneiros.

O teatro destes anos presenta características que o aproximan ao teatro do XIX: pezas breves, con frecuencia escritas en verso e cunha temática costumista e de ambiente rural, aínda que xa aparece a sátira anticaciquil, nunha clara evolución cara ao teatro social. O autor máis representativo será Galo Salinas.

2. O teatro das Irmandades

A creación das Irmandades da Fala (1916) supuxo o comezo dunha nova xeira na historia do teatro galego. Considerado polas Irmandades como o medio máis eficaz para a propaganda lingüística e a difusión da cultura galega, o teatro experimentou un forte pulo, debido ás seguintes **medidas de apoio**:

- A creación no 1919 do Conservatorio Nazonal de Arte Galega, denominado posteriormente Escola Dramática Galega, para formar actores e fomentar a representación de obras¹.
- A edición de textos teatrais: as editoriais Lar, Célitga e Nós crean coleccións específicas para o teatro.
- O achegamento ao teatro universal: tradúcense, editáanse e represéntanse autores estranxeiros e do teatro clásico: Shakespeare, Molière, o teatro irlandés da época, Aristófanes, etc.

A intención propagandística das Irmandades maniféstase na aparición de **novas temáticas**:

- Episodios e figuras históricas (Prisciliano, Pardo de Cela...).
- Reivindicación social (a emigración como centro dos males do país).
- Recuperación cultural (dignificación da lingua e da cultura popular).

Xorden tamén **novas formas**, nun intento de normalizar e universalizar a nosa dramaturxia: o drama simbolista, o teatro cómico e infantil, a comedia burguesa, a ópera...

Manuel Lugrís Freire foi un dos grandes animadores da vida cultural e social desta época. Coa súa obra **A ponte** (1903), inaugurou o teatro galego en prosa e o teatro social, cun fin didáctico. *Minia* e *O pazo* son outros títulos deste autor, o máis representado no primeiro cuarto do século.

Outro autor importante vinculado ás Irmandades foi o poeta **Ramón Cabanillas**, autor de dúas pezas teatrais: **A Man de Santiña** (1919) e **O Mariscal** (1926), escrita en colaboración con Antón Villar Ponte, que desenvolve o tema histórico da morte de Pardo de Cela a fins do século XV, converténdoo en símbolo da rebelión fronte a Castela.



¹ Un dato pode ilustrar o seu labor: en 1917 escenificáronse en galego 12 obras e en 1919 xa foron 52 os títulos representados.

Antón Villar Ponte foi autor de numerosas obras cun marcado carácter didáctico, como **A patria do galego** (onde critica o caciquismo), **Almas mortas** (sobre o papel desgaleguizador da emigración á América) ou a xa mencionada *O Mariscal*, en colaboración con Ramón Cabanillas.

Armando Cotarelo Valledor foi autor dun teatro realista e variado: cultivou o drama de ambientación labrega (*Trebón*) e mariñeiro (*Beiramar*), a traxedia histórica (*Hostia*), a ópera (*Ultréia*), etc.

3.- O teatro das vangardas

Nomeamos así o teatro dun grupo de autores que, sen formar parte da xeración Nós, comparten con eles a concepción do teatro como "arte total", á vez que asumen as tendencias europeas máis innovadoras do momento (simbolismo, expresionismo...). Álvaro de las Casas, Xaime Quintanilla e Rafael Dieste son tres dramaturgos representativos deste teatro.

Rafael Dieste é autor de **A fiesta baldeira** (1927), obra que marca un dos fitos do teatro galego de preguerra e que foi estreada en 1935 por xente da súa vila natal de Rianxo. O protagonista, don Miguel, que fora mariñeiro antes de regresar rico das Américas, afronta un conflito cando encarga un retrato e nel é representado cun porto visto desde unha xanela como fondo. Esa paisaxe será considerada pouco refinada pola súa muller e filla, fronte aos seus veciños e amigos da infancia, que lle piden fidelidade ás súas orixes. A tensión entre a aceptación ou rexeitamento dese fondo, que é o nó da obra, parece reflectir as dúas posturas perante a identidade: asumila como propia ou renegar dela por considerala marxinal. Foi autor tamén de *O drama do cabalo de xadrez* (1927) e do libro de relatos *Dos arquivos do trasno* (1926).



4. O teatro da Xeración Nós

Aínda que o seu labor principal se desenvolveu na prosa, estes escritores tamén colaboraron na dinamización e renovación do noso teatro:

- Desvinculan o teatro da función propagandística e concíbeno como unha arte de seu.
- Depúranse os elementos costumistas e realistas en favor dos poéticos e simbólicos.
- Incorporan tendencias da dramaturxia europea, baseadas na concepción do teatro como unha arte total: síntese de palabra, música, danza, pintura...

Vicente Risco é autor dunha única obra dramática, **O bufón d'El-Rei**, fortemente marcada polo simbolismo. Trátase dun drama situado nunha corte medieval de tipo artúrico. O protagonista, un bufón, é un ser deforme, envexoso e intrigante. A través del, Risco reflicte sobre a relación entre a deformidade física e a deformidade moral.



Castelao en Buenos Aires, en 1941, preparando as máscaras para a posta en escena d'*Os vellos non deben de namorarse*. Estas máscaras expóñense actualmente no Museo Galego de Arte Contemporánea Carlos Maside, no complexo industrial das Cerámicas do Castro (O Castro da Samedra, Sada).

Otero Pedrayo é autor dun teatro experimental e novidoso, que se afasta do teatro realista. En **A lagarada** (1928), un drama rural arredor do asasinato dun labrego vello e rico, introduce fragmentos líricos e elementos escénicos de tipo simbolista (o xogo coas sombras, o parlamento das pipas da adega, a xeito de coro grego...), que fixeron moi difícil a súa representación, que non tivo lugar até o ano 1992. **Teatro de máscaras** (1934) é un conxunto de pezas breves, ideadas por indicación de Castelao e moi influenciadas pola vangarda expresionista.

Castelao publicou un único título teatral, **Os vellos non deben namorarse**. Aínda que esta obra foi concluída e estreada no exilio (Buenos Aires, 1941), a súa elaboración foi anterior. Escrita en clave de comedia, cóntanos tres historias paralelas de vellos que, namorados de rapazas, acabarán morrendo. Concibida como un espectáculo integral, todos os elementos (texto, música, danza, vestiario, decorados...) foron pensados e deseñados por Castelao, que amosa exemplarmente nesta obra a súa concepción do teatro como unha arte total, que mestura elementos tradicionais e innovadores.